



ANEXO V:

“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

CPR. PLURILINGÜE ESCUELAS NIETO

VERSIÓN 1 (9/09/2020)

O Plan de Adaptación foi elaborado pola dirección do CPR. PLURILINGÜE ESCUELAS NIETO en base ao modelo realizado conxuntamente entre as Consellerías de Sanidade e de Educación, Universidade e Formación profesional. Este documento inclúe recomendacións e directrices en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte á Covid-19 para as actividades e instalacións do noso centro escolar durante o curso 2020-2021, que poderán ser actualizadas cando a situación epidemiolóxica así o requira.

O documento de referencia que regula este plan son as:

INSTRUCCIÓN POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G No 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓN SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021
VERSION 31-08-202

ÍNDICE

Medidas de prevención básica	3
Medidas xerais de protección individual	10
Medidas de limpeza	12
Material de protección	13
Xestión dos gromos	15
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	16
Medidas de carácter organizativo	16
Medidas en relación coas familias e ANPA	19
Medidas de uso de comedor	21
Medidas específicas para o uso doutros espazos	21
Medidas específicas para os recreos	25
Medidas específicas para alumnado de Educación Infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	26
Medidas específicas para o uso dos desdobres e aula TIC	28
Medidas específicas para alumnado con NEE	28
Previsións específicas para o profesorado	29
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	30

ANEXOS

Rexistro ausencias do profesorado e persoal non docente por sintomatoloxía compatible COVID	33
Planos tipo acomodación aulas	33
Rexistro diario de limpeza de aseos	34
Plano de accesos ao centro	35
Plan de acollida	37

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1. DATOS DO CENTRO

CÓDIGO: 36010356	DENOMINACIÓN DO CENTRO: CPR. PLURILINGÜE ESCUELAS NIETO
ENDEREZO: Avda. Ramón Nieto,247	CP: 36205
LOCALIDADE: Vigo	PROVINCIA: Pontevedra
TELÉFONO: 986 37 24 81	E-MAIL: cpr.escuelas.nieto@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB: www.escuelasnieto.com	

2. MEMBROS DO EQUIPO COVID

Teléfono de Contacto: 986 37 24 81 - 689 04 45 81

O Equipo Covid estará integrado por:

- Membro 1: Rodrigo Martínez González.
- Suplente: Encarnación Cerviño Dacal (Secretaria do centro)
Cargo: Director do Centro.
Tarefas asignadas:
 - Nomear membros do equipo.
 - Comunicación coa administración e co centro de saúde.
 - Coordinación do equipo covid.
 - Comunicación de casos.
- Membro 2: Teresa Iglesias Vilar
- Suplente: Patricia Izquierdo Fernández (Profesora ESO)
Cargo: Xefa de Estudos.
Tarefas asignadas:
 - Xestionar a adquisición de material de protección necesario.

- Elevar as propostas do profesorado.
- Coordinar as entradas e saídas do alumnado.

- Membro 3: María Covelo Iglesias
- Suplente: [Laura Donis Quinteiros \(Profesora Educación Infantil\)](#)
 Cargo: Coordinadora Educación Infantil
 Tarefas asignadas:
 - Coordinar as entradas e saídas do alumnado.
 - Elevar as propostas do profesorado.
 - Garantir a difusión da información ao profesorado.

3. CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

- Centro: [Centro de Saúde de LAVADORES](#)
- Persoa de Contacto: [Carmen Durán Santos](#).
- Teléfono de Contacto: [986 260552](#)
- Dirección: [Travesía Barreiro 1, 36, 36214 Vigo, Pontevedra](#)

4. DETERMINACIÓN DO ESPAZO DE ILLAMENTO COVID

- EDIFICIO PRINCIPAL: Aula Auxiliar (Currunchos) situada no 1º andar preto da Secretaría, EDIFICIO INFANTIL: Aula Tic.
- Estará dotado de botiquín e de material de protección individual, como luvas e máscaras. Dispón tamén de panos desbotables e dispensador de xel.

5. NÚMERO DE ALUMNOS POR NIVEL E ETAPA EDUCATIVA

EDUCACIÓN INFANTIL	
4º	18
5º	21
6º	22

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º	25
2º	17

3º	25
4º	25
5º	25
6º	25

EDUCACIÓN SECUNDARIA

1º	29
2º	23
3º	21
4º	18

6. CADRO DE PERSOAL DO CENTRO EDUCATIVO

NÚMERO EFECTIVOS

Educación Infantil	3 + 1 Especialista + 1 monitora
Educación Primaria	6 + 3 especialistas +1 PT-AL
Educación Secundaria	8 + 1 Orientación
Mestres/as Especialistas	4
Orientación	3
Persoal non docente	1
Total	22

7. DETERMINACIÓN DE GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Etapa	INFANTIL			Nivel	4º
Aula	3 ANOS	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado	2+ 1auxi

Etapa	INFANTIL			Nivel	5º
Aula	4 ANOS	Nº de alumnado asignado	21	Nº de profesorado asignado	2+ 1auxi

Etapa	INFANTIL			Nivel	6º
Aula	5 ANOS	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado	2 + 1auxi

Etapa	PRIMARIA			Nivel	1º
Aula	Primeiro	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA			Nivel	2º
Aula	Segundo	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA			Nivel	3º
Aula	Terceiro	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA			Nivel	4º
Aula	Cuarto	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA			Nivel	5º
Aula	Quinto	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA			Nivel	6º
Aula	Sexto	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado	5

8. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Os grupos estables de convivencia (**GCE**) terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Empregarán a máscara tamén nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- O alumnado accederá con máscara a aula e non poderá quitala nin sequera cando estea sentado no seu sitio, ademais deberá facer a limpeza de mans e deberá colocar as súas prendas no respaldo da cadeira e o seu material deberá de estar organizado.
- Terán unha bolsa con nome para gardar a máscara durante a merenda, así como unha máscara de repostos gardada no seu correspondente estoxo.
- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula. Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do material que empregue.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo. Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans e dos equipos que empregue.

9. CANLE DE COMUNICACIÓN PARA DAR A COÑECER AO EQUIPO COVID OS CASOS DE SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE

- PROFERORADO:
 - Vía telefónica (coa dirección do Centro ou o coordinador do Equipo Covid).
 - Correo electrónico: cpr.escuelas.nieto@edu.xunta.gal
- ALUMNADO:
 - Vía telefónica chamando ao número do centro: [986 37 24 81/689 04 45 81](tel:986372481689044581)
 - Correo electrónico: cpr.escuelas.nieto@edu.xunta.gal

10. REXISTRO DE AUSENCIA DO PERSOAL E DO ALUMNADO

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e do alumnado.

Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 quedará a eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso. Existe unha enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19 no Anexo I do Protocolo de Adaptación da Xunta colocad na páxina web do Centro, nas aulas virtuais e enviada persoalmente ás familias por TOKAPP SCHOOL (mensaxería móbil).

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes á Xefatura de Estudos.

Ver anexo Modelo de rexistro por sintomatoloxía compatible, tanto do persoal como do alumnado, no plan de acollida.

11. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DAS INCIDENCIAS AS AUTORIDADES SANITARIAS EDUCATIVAS

Primeiro paso: aviso ao coordinador covid-19.

Segundo paso: A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:

- Chamada telefónica á familia do afectado/a.
- Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.
- Subida de datos á aplicación **EDUCOVID**

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12. SITUACIÓN DE PUPITRES

Educación Infantil (GCE) en grupos que tamén serán estables e separados cada grupo 1,5m. Educación Primaria en GCE polo que as mesas estarán separadas a distancia que permitan as aulas. En Educación Secundaria o que estipula o protocolo (1,5m entre o centro de cada cadeira).

Ver anexos planos de aulas

13. IDENTIFICACIÓN DE ESPAZOS OU SALAS PARA ASIGNAR A GRUPOS

Non haberá desdobres en ningún curso de primaria nin secundaria agás nos cursos de desdobres obrigatorios (3º e 4º ESO), nos que as aulas estarán prefixadas para manter a seguridade do grupo.

Para realizar apoios ou desdobres puntuais en aulas habilitouse un espazo no terceiro andar do edificio principal, que, ao ser espazos de uso común, deberán cumprir as condicións de limpeza e ventilación.

14. ESPAZOS DE PT, AL, DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN OU AULAS ESPECIAIS DO CENTRO

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como norma xeral.
- O profesorado destas dúas especialidades deberá empregar viseiras protectoras, nas ocasións nas que o seu labor sexa incompatible co emprego da máscara.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de 15 minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

Como modelo de cuestionario empregaremos o que figura no protocolo, que irá anexo ao plan.

15. TITORÍAS COAS FAMILIAS

Para a realización das titorías poderanse empregar dúas opcións:

- Telefónica (opción preferente): unha vez concertada a cita telefónica, será o profesorado o encargado de chamar ao teléfono de contacto establecido polos pais/nais/titores na hora e día establecido.
- Virtual: a través da plataforma virtual da escola (G SUITE EDUCATIVA DE GOOGLE).

En ambos casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles reflectidas nas NOFC (teléfono, Tokapp School, ou axenda do alumnado).

16. CANLES DE INFORMACIÓN COAS FAMILIAS

- Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web o canle de TELEGRAM da Escola serán as principais vías de información xeral.
- Como sistema de mensaxería empregaremos Tokapp School e Abalarmóbil, polo que será obrigatorio que todas as familias descarguen as aplicacións para reducir as comunicacións alleas a esta canle.
- A información cos provedores xa se realiza habitualmente por mail ou teléfono, polo que seguiremos a empregar estas vías.

17. USO DE MÁSCARA NO CENTRO

Independentemente das recomendacións e obrigatoriedade do uso da máscara a nivel xeral, un centro educativo debe promulgar hábitos que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.

Pretendemos que exista unha normativa común, sinxela e fácil de lembrar para o alumnado de calquera idade. Empregarase a máscara en todo momento agás naquelas situacións que non sexa factible nos grupos de Educación Infantil, tal e como establece a normativa vixente en cada momento.

O profesorado empregará en todo momento a máscara.

18. INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

O plan difundirase a través da **web do centro**, e individualmente ás familias por TOKAPP SCHOOL.

Debido aos cambios nas instrucións que recibe o Centro dende a Consellería, esta primeira versión poderá ser modificada, tamén a través as achegas que recibamos por parte da comunidade educativa poder dar lugar a melloras no documento.

MEDIDAS DE LIMPEZA

19. ASIGNACIÓN DE TAREFAS AO PERSONAL DE LIMPEZA

	Edificio de Infantil	Edificio Principal
Mañás	<p>Responsables: Mestras e Monitoras</p> <p>Tarefas: Ventilación de aulas, limpeza e desinfección de aseos cada vez que se emprega por un alumno/a. Limpeza de pasamáns e pomos.</p>	<p>Responsable: Persoal Complementario.</p> <p>Tarefas: Ventilación de aulas, limpeza e desinfección de aseos 2 veces na xornada. Limpeza de pasamáns e pomos.</p>
Tardes	<p>Responsables: Persoal Limpeza</p> <p>Tarefas: Limpeza e desinfección de todas as aulas, aseos, zonas de uso común e despachos.</p>	<p>Responsables: Persoal Limpeza</p> <p>Tarefas: Limpeza e desinfección de todas as aulas, aseos, zonas de uso común e despachos.</p>

20. DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL

No horario de mañá, será o propio persoal da escola o que hixienice os aseos e zonas estipuladas, de tarde 2 limpadores : de 15:00 a 19:00.

21. MATERIAL DE PROTECCIÓN PARA A REALIZACIÓN DA LIMPEZA

Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo este labor, como son as luvas e a máscara. Aconséllase o emprego de elementos de protección ocular, ben sexan lentes ou pantalla.

Empregaranse distintivos móbiles para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posible o seu novo uso.

22. CADRO DE CONTROL DE LIMPEZA DE ASEOS

En cada baño existirá un modelo de rexistro de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron, os labores realizados e a persoa encargada de levalos a cabo.

Ver modelo de rexistro de limpeza de aseos.

23. MODELO CHECKLIST DE VENTILACIÓN DAS AULAS

En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas. A primeira ventilación do día realizarase ao inicio da xornada entrada.

O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de rexistro.

24. DETERMINACIÓN DE ESPAZOS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS

As papeleiras destinadas para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras) serán as que están ubicadas nos aseos.

O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral.

A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, empregando unha bolsa de diferente color, evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

25. REXISTRO E INVENTARIO DO MATERIAL DO CENTRO

A Xunta de Padroado será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado “material covid-19”.

26. DETERMINACIÓN DO SISTEMA DE COMPRAS DO MATERIAL DE PROTECCIÓN

Unha vez recibida a dotación inicial por parte da consellería, o centro garantizará a existencia de máscaras suficiente como para os casos eventuais que poidan darse. Haberá unha dotación delas en secretaría e no despacho da Xunta de Padroado.

O aprovisionamento de máscaras para o profesorado e resto de persoal non docente será individual, pois actualmente é un elemento de uso obrigatorio para saír da casa, se ben poderá facerse uso das existentes no centro en caso necesario.

Outro material de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de látex ou vinilo, que estarán situadas nos botiquíns existentes no colexio como material de emerxencia.

En canto ao xel hidroalcohólico, dende o centro estudaranse as ofertas do mercado e determinaremos a mellor en relación calidade prezo dentro das empresas autorizadas por sanidade ou da Axencia Española de medicamentos e produtos sanitarios. A empresa que presente a mellor oferta será a distribuidora do centro. Os pedidos serán os necesarios para facer as reposicións en todos os espazos.

27. PROCEDEMENTO DE DISTRIBUCIÓN E ENTREGA DE MATERIAL E DA SÚA REPOSICIÓN

O material que se entregue ao persoal do centro será entregado polo Director do Centro e os receptores deberán asinar nunha folla de rexistro a recepción do mesmo.

En cada aula e espazo do centro haberá un difusor de solución hidroalcohólica para a desinfección de mans e a limpeza e desinfección de calquera material que poida ser de uso común.

O persoal complementario será o encargado de encher os dispensadores previa solicitude dos mestres e o Director ou Xefa de estudos serán os encargados de adquirir novos produtos.

XESTIÓN DOS GROMOS

28. MEDIDAS

- (7.1) Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

- (7.2). Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", en virtude da mesma: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

- (7.3). No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

- (7.4) A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

- (7.5). Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíanse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

29. DETERMINACIÓN DE RESPONSABLES DA COMUNICACIÓN DAS INCIDENCIAS Á AUTORIDADE SANITARIA E EDUCATIVA

O responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, a que ocupe a xefatura de estudos. A suplente será a Secretaria do centro.

XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

30. PROCEDIMENTO DE PETICIÓN DE SOLICITUDES

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.7

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

31. ENTRADAS E SAÍDAS

O obxectivo principal da organización é **evitar as aglomeracións** e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado.

INFANTIL

ENTRADAS 8:46 - 9:00h

4º E. Infantil

Polo Patio de xogos (acceso polas escaleiras laterais exteriores).

5º - 6º E. Infantil

Pola entrada principal, porta dereita 5º infantil, porta esquerda 6º infantil.

SAIDAS polo mesmo lugar que a entrada

4º E. Infantil	14:00h.
5º E. Infantil	13:50h.
6º E. Infantil	14:00h..
PRIMARIA	
ENTRADAS	
1º EP	9:00h. POLA BREA MUIÑEIRA,
2º EP	8:50h. POLA BREA MUIÑEIRA,
3º EP y 4º EP	9:00h. Patio Camilo Nogueira(portal pequeno). Zonas diferenciadas
5º EP y 6º EP	8:55h. PATIO PRINCIPAL (portal grande). Zonas diferenciadas
SAIDAS polo mesmo lugar que a entrada	
1º	13:50h.
2º	14:00h.
3º y 5º	13:50h.
4º y 6º	14:00h.
ESO	
ENTRADAS	8:46 - 8:55H. Pola entrada principal
SAIDAS	14:20h - 1º(PP) y 4º(PG) - 14:25h - 2º(BREA) y 3º(PG)

32. DETERMINACIÓN DAS PORTAS DE ENTRADAS E SAÍDAS E CIRCULACIÓN NO CENTRO

Diferenciamos 6 portas de acceso ao Centro:

ETAPA	ACCESO
EDUCACIÓN INFANTIL	Entrada Principal e Patio de Xogos

EDUCACIÓN PRIMARIA	Portal principal, Portal secundario, Porta Brea
EDUCACIÓN SECUNDARIA	Entrada principal (centro do edificio principal)

Os proxenitores non poderán acceder ao recinto e haberá profesorado de garda vixiando que se respecte a distancia social.

O profesorado estará na aula para evitar riscos innecesarios.

INSTRUCCIÓN COMÚNS: Dende o acceso ás instalacións ata o inicio das clases, o alumnado permanecerá na súa aula comezando as rutinas de limpeza de mans e colocación do propio material co mestre do primer periodo.

O alumnado que empregue o servizo de madrugadores irá para as súas aulas cos demais alumnos/as.

En todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

IMPORTANTE, prégase puntualidade ás familias e que eviten aglomeracións no exterior do centro. Unha vez recollido/a o/a fillo/a deberán deixar libre a zona de recepción.

33. CARTELERÍA E SINALÉCTICA

Colocarase cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.

Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.

A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.

Ademais da cartelería enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia.

Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.

Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento.

34. ASIGNACIÓN DO PROFESORADO ENCARGADO DA VIXILANCIA

Entradas:

- 1 mestre/a por cada curso que estará na zona común das entradas ás aulas.
- 1 mestre en cada porta de acceso

Recreo:

- 1 mestres por grupo en cada quenda de primaria e os especialistas.
- 4 mestres/as no recreo de infantil e unha auxiliar.
- 1 mestre por grupo en educación secundaria e os profesores adxuntos.

Saídas:

- Cada mestre da última hora de clase de cada aula.

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA

35. SERVIZO MADRUGADORES

O Servizo de Madruga, seguirá a funcionar con normalidade.

O espazo principal será o recibidor da escola de infantil, pero de ser necesario, habilitaranse outros no colexio. Dependendo do número de usuarios determinarase as medidas de seguridade para este servizo, que serán introducidas neste documento.

Ás 9:00h finalizará o servizo, de tal xeito que o alumnado tanto de infantil como de primaria accederá á zona de aulas.

36. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E DESPOIS DO SERVIZO DE COMEDOR

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva non se levarán a cabo debido á imposibilidade de garantir o cumprimento das medidas esixidas no protocolo.

No caso de que finalmente se leven a cabo, variaremos este punto para recoller os aspectos que regulen o desenvolvemento das mesmas.

37. XUNTANZA DE ANPA E CONSELLO ESCOLAR

As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas:

- Reunións telemáticas na plataforma corporativa da Escola.

- Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso, e dado que o Consello Escolar está formado por 15 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente.

Para as xuntanzas da ANPA, teremos en conta:

- Reunións da directiva: de xeito telemático a través da plataforma da Escola. Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar no ximnasio, garantindo a distancia e limitando o aforo a 35 persoas para garantir o distanciamento social.

38. TITORÍAS E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

As **titorías** levaranse a cabo os **luns de 16:00h a 19:00h** e con cita previa empregando as canles habituais: abalarmóbil, chamada telefónica, axenda do alumnado.

Serán preferentemente por vía **telefónica** ou telemática. De ter que ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

As **reunións de inicio de curso** irán detalladas no plan de acollida, e faranse de xeito telemático, no caso das familias novas será presencial limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersoal, sendo obrigatorio o emprego de máscara e o uso do xel hidroalcolóxico.

39. NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso NON se realizarán actividades e celebracións de centro. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará a Festa de Nadal ou actos masivos como o Samaín, o Magosto o Entroido, a festa de antigos alumnos nin o festival de fin de curso.

Estas celebracións terán lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles tendo en conta:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

Procuraremos non realizar saídas didácticas, e no caso de realizalas, levaranse a cabo respectando a normativa vixente nese momento, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Procuraremos que se realicen ao aire libre, tratando de explorar os recursos da natureza.

MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

Debido ao descoñecemento do número de comensais, resulta complicado facer esquemas e normas sobre a distribución do espazo, polo que os puntos relacionados co comedor deberán ser revisados, aínda así, esbozamos as liñas xerais do que sería o desenvolvemento.

40. ESTABLECEMENTO DE QUENDAS PARA O USO DO COMEDOR

Debido á flexibilización permitida para **Educación infantil** na última hora, estableceríamos unha quenda para o alumnado desta etapa educativa antes da finalización da xornada lectiva. Isto permitiría colocar nas mesmas mesas a alumnado que forme parte dun grupo de convivencia estable.

Os datos e especificacións para o alumnado de primaria e secundaria serán incluídos no momento en que se coñeza o número de usuarios do mesmo. Flexibilizaranse os horarios para manter grupos estables e con distancia de seguridade.

Entre cada quenda realizarase unha limpeza/desinfección das mesas e cadeiras ao mesmo tempo que se ventila o espazo durante un período de 15 minutos.

41. PERSOAL COLABORADOR

Estes datos serán incluídos no momento en que se coñeza o número de usuarios do mesmo. Contamos coa colaboración de voluntarios da ANPA

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

42. AULAS ESPECIAIS, XIMNASIO, PATIOS

As únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán ciencias, tecnoloxía e educación física. Isto implica que o laboratorio, obradoiro, o ximnasio e a aula de plástica e informática deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Non serán espazos de uso compartido por varios grupos, pero aínda así, ao finalizar a sesión será preciso realizar unha ventilación de 15 minutos e labores de limpeza básica. Para garantir que este tempo se cumpre, os mestres irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.

Fotocopiadoras e ordenadores:

